

FRANCISCO FERNANDEZ DEL RIEGO

ABOGADO

VIGO-9-xulio-1974

VELÁZQUEZ MORENO, 36-1.º

TELÉFONOS { 17463
13770

Sr. D. Luís Seoane
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Recibín a tua carta do día ¹⁵ de xunio derradeiro e máis o traballo pra "Grial", que se publicará no próximo número. Coido que se trata dun tema moi interesante, pois deica agora que eu seipa, ninguén se ocupou del. A xente nova poderá ter así unha idea crara sobre da pintura mural realizada por artistas galegos. Traballos coma éste son, ao meu ver, dunha grande utilidade porque revelan unha faceta da nosa cultura case desconocida polas xentes de agora.

Non sei quén pode ser o autor da nota encol de "Comunicacións mesturadas" que se publicou en "Informaciones". Pero millor é que non se seipa, porque evidencia que o libro causou impacto mesmo en persoas que non están vencelladas ao noso labor, pero que saben valoralo.

Xa vexo que, como decote, sigues a traballar con entusiasmo e coa proiección universal que ven caracterizando á tua obra. O feito alédame moito, como podes supoñer.

Nós estamos pasando o vran en Praia América, como todos os anos. Craro que o meu veraneio é moi limitado, pois redúcese aos sábados e aos domingos. Pero de calquer xeito su pón unha fluxida do ambiente agobiante do inverno. Por certo que tamén está pasando aquí o mes de agosto coa sua familia, é Alonso Montero.

Non sei si, ao cabo, fixo a Galicia o viaxe de que me falas o prohome Valentín. Eu nada soupen deica agora de que arribara a estas terras. Craro é que non ha ser a min

a quen visite, como é natural.

Nada novo teño que che comunicar. As cousas siguen máis ou menos o mesmo que cando tí estivéche por aquí.

Garimosos saúdos a Maruxa, de Evely pra os dous e pra tí a condial aperta de sempre, de

Paco